Toda esta documentación deberá presentarse antes do remate do prazo para presentación de instancias. A falla de acreditación dos méritos alegados, determinará que estes non sexan tidos en conta polo Tribunal de Valoración, nin se valorarán aínda que se acrediten fóra do prazo de presentación de instancias, xa que non poderán subsanarse. Tampouco se requirirá as persoas interesadas para que os acrediten.

No caso de empate na puntuación final, acudirase para dirimila á outorgada na proba da fase de oposición. De persistir o empate, o Tribunal reiterará a proba de coñecementos coas persoas aspirantes declaradas aptas de igual puntuación ata eliminar aquelas que excedan do número de postos de traballo convocados (1), quedando o resto en lista de espera, aos efectos de renuncia, baixas ou calquera outra continxencia, sendo requirida a persoa traballadora que figure na lista con maior puntuación e así sucesivamente.

#### **11. - RESOLUCIÓN. -**

A resolución do proceso selectivo farase polo Presidente da Corporación municipal, por proposta do Tribunal cualificador.

#### **12.- NORMA FINAL.-**

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecida na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

#### **ANEXO I**

- 1.- Organización municipal. O Alcalde: atribucións. O Pleno: atribucións. A Xunta de Goberno Local: atribucións.
- 2.- Especial coñecemento do Concello do Vicedo e comarca:
  - Parroquias.
  - Lugares.
  - Praias, ríos, illas, montes.
  - Rutas e lugares de interese turístico.
  - Comarca natural da Mariña Luguesa: concellos e ríos principais.
- 3.- Coñecementos básicos en materia de cálculo matemático: sumas, restas, multiplicacións, división, quebrados, porcentaxes, raíces cadradas, promedios e cálculo de superficies de polígonos.
- 4.- Coñecementos básicos en materia de xeografía española e da Península Ibérica: capitais, provincias, comunidades autónomas, montes, ríos e accidentes xeográficos.
- 5.- Coñecementos básicos en materia de lingua galega e castelá: conxugación de verbos, sinónimos, antónimos e ortografía.

ANEXO II

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO DE SELECCIÓN, PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN, DUN/DUNHA PEÓN DE SERVIZOS MÚLTIPLES, A XORNADA COMPLETA (100%), DENTRO DO PROGRAMA DE REFORZO DO EMPREGO DO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2024, FINANCIADO POLA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, CON ADSCRICIÓN AO SERVIZO DE OBRAS E MANTEMENTO DO CONCELLO DO VICEDO.

DENOMINACIÓN DA PRAZA OU POSTO DE TRABALLO: PEÓN SERVIZOS MÚLTIPLES
--

CARÁCTER DA CONVOCATORIA: CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL	FORMA DE PROVISIÓN: CONCURSO-OPOSICIÓN
--	---

DATOS DO SOLICITANTE:
Apelidos e nome:
DNI:
Enderezo:
Enderezo electrónico:
Teléfono:

Manifesto expresamente, e baixo a miña responsabilidade, que reúno todas e cada unha das condicións esixidas nas bases reguladoras deste proceso, que coñezo e acepto, SOLICITO a admisión para tomar parte na selección.

O Vicedo, ..... de ..... de 2025

(Sinatura)

SR. ALCALDE - PRESIDENTE DO CONCELLO DO VICEDO

**ANEXO III**

D. /Dña ..... , con DNI ..... ,  
e domicilio en .....

En relación coa selección para a contratación laboral temporal, mediante concurso-oposición, dun/dunha PEÓN DE SERVICIOS MÚLTIPLES, baixo a modalidade de contrato de traballo de duración determinada por circunstancias da produción, a xornada completa (100%), con data prevista de inicio o próximo día 17 de marzo de 2025 ata o 16 de setembro de 2025, cunha duración de 6 meses, sendo en todo caso a data límite o 31 de outubro de 2025, dentro do programa de reforzo do emprego do Plan Deputación de Cooperación cos concellos 2024, financiado pola Excm. Deputación Provincial de Lugo, ao abeiro das bases publicadas no BOP de Lugo de 8 de xaneiro de 2024.

**DECLARO BAIXO XURAMENTO:**

- a) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias da praza.
- b) Non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario/a do que estivese separado/a ou inhabilitado/a. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ser sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.
- c) Non incorrer en causa de incapacidade ou incompatibilidade de acordo coa lexislación vixente.
- d) Non ter sido contratado/a por este concello máis de 12 meses dentro dos últimos 24 meses inmediatamente anteriores, de ser o caso, á data de inicio do contrato. Non se terán en conta os contratos formativos, de relevo e interinidade, nin os contratos temporais celebrados no marco de programas públicos de emprego-formación, así como os contratos temporais que sexan utilizados por empresas de inserción debidamente rexistradas e o obxecto dos ditos contratos sexa considerado como parte esencial dun itinerario de inserción personalizado. Aos efectos do cómputo o número de contratos, período e prazos, tomarase en conta o contrato vixente a 31/12/2021 e posteriores.

O Vicedo, a ..... de .....do 2025

(Sinatura)

**ANEXO IV**

**PROCESO DE SELECCIÓN, PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN, DUN/DUNHA PEÓN DE SERVIZOS MÚLTIPLES, A XORNADA COMPLETA (100%), DENTRO DO PROGRAMA DE REFORZO DO EMPREGO DO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2024, FINANCIADO POLA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, CON ADSCRICIÓN AO SERVIZO DE OBRAS E MANTEMENTO DO CONCELLO DO VICEDO.**

RELACIÓN DE MÉRITOS QUE SE XUSTIFICAN E FORMA DE ACREDITACIÓN

DON/A .....

DNI nº .....

- 1.-
- 2.-
- 3.-
- 4.-
- 5.-
- 6.-
- 7.-
- 8.-
- 9.-
- 10.-
- (...)

O Vicedo, ..... de ..... de 2025  
(Sinatura)

2º.- Convocar publicamente a quen desexe participar nas citadas probas para a selección dun/dunha PEÓN DE SERVICIOS MÚLTIPLES, baixo a modalidade de contrato de traballo de duración determinada por circunstancias da produción, a xornada completa (100%), con data prevista de inicio o próximo día 17 de marzo de 2025 ata o 16 de setembro de 2025, cunha duración de 6 meses, sendo en todo caso a data límite o 31 de outubro de 2025, dentro do programa de reforzo do emprego do Plan Deputación de Cooperación cos concellos 2024, financiado pola Excm. Deputación Provincial de Lugo, ao abeiro das bases publicadas no BOP de Lugo de 8 de xaneiro de 2024.

3º.- Ordenar a publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, na páxina web da Excm. Deputación Provincial de Lugo, no taboleiro de edictos da Corporación e na sede electrónica do Concello do Vicedo <https://concellodovicedo.sedelectronica.es> , e realizar cantos trámites sexan necesarios para o dito fin.

O Vicedo, 5 de febreiro de 2025. - O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

#### **APROBACIÓN DAS BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE DOUS/DÚAS PEÓNS DE MANTEMENTO DE ZONAS NATURAIS**

DON JOSÉ JESÚS NOVO MARTÍNEZ, ALCALDE - PRESIDENTE DO CONCELLO DO VICEDO, PROVINCIA DE LUGO,

Sendo necesario proceder á contratación laboral temporal, mediante concurso-oposición, de DOUS/DÚAS PEÓNS DE MANTEMENTO DE ZONAS NATURAIS, baixo a modalidade de contrato de traballo de duración determinada por circunstancias da produción, a xornada completa (100%), con data prevista de inicio o próximo día 17 de marzo de 2025 ata o 16 de setembro de 2025, cunha duración de 6 meses, sendo en todo caso a data límite o 31 de outubro de 2025, dentro do programa de reforzo do emprego do Plan Deputación de Cooperación cos concellos 2024, financiado pola Excm. Deputación Provincial de Lugo, ao abeiro das bases publicadas no BOP de Lugo de 8 de xaneiro de 2024.

Visto o art. 21.1 g) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local,

#### **RESOLVO**

1º.- Prestar aprobación ás bases para a contratación laboral temporal, de dous/dúas peóns de mantemento de zonas naturais, baixo a modalidade de contrato de traballo de duración determinada por circunstancias da produción, a xornada completa (100%), con data prevista de inicio o próximo día 17 de marzo de 2025 ata o 16 de setembro de 2025, cunha duración de 6 meses, sendo en todo caso a data límite o 31 de outubro de 2025, dentro do programa de reforzo do emprego do Plan Deputación de Cooperación cos concellos 2024, financiado pola Excm. Deputación Provincial de Lugo, ao abeiro das bases publicadas no BOP de Lugo de 8 de xaneiro de 2024.

**BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN, DE DOUS/DÚAS PEÓNS DE MANTEMENTO DE ZONAS NATURAIS, A XORNADA COMPLETA (100%), DENTRO DO PROGRAMA DE REFORZO DO EMPREGO DO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2024, FINANCIADO POLA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, CON ADSCRICIÓN AO SERVIZO DE OBRAS E MANTEMENTO DO CONCELLO DO VICEDO.**

#### **1º.- NORMAS XERAIS.-**

A selección rexerese polo previsto nestas bases, Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, Texto refundido da lei do Estatuto básico do emprego público, Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración Local de Galicia, Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas urxentes para a reforma da función pública, modificada pola Lei 23/88, do 28 de xullo, Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, Real Decreto legislativo 781/86, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, Real Decreto 364/95, Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, ao programa de reforzo do emprego do Plan Deputación de Cooperación cos concellos 2024, financiado pola Excm. Deputación Provincial de Lugo, ao abeiro das bases publicadas no BOP de Lugo de 8 de xaneiro de 2024, e o Convenio colectivo vixente para persoal laboral do Concello do Vicedo sobre condicións laborais e económicas, aprobado polo Pleno do concello o día 10 de xuño de 2009.

#### **2º.- CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE TRABALLO.-**

O cometido funcional deste posto de traballo consistirá na realización das tarefas que lle sexan encomendadas polo persoal responsable dos servizos municipais correspondentes do Concello do Vicedo, de acordo coas instrucións recibidas ao efecto.

#### **3º.- DURACIÓN DO CONTRATO.-**

O contrato asinarase baixo a modalidade de contrato de traballo de duración determinada por circunstancias da produción, a xornada completa (100%), con data prevista de inicio o próximo día 17 de marzo de 2025 ata o 16 de setembro de 2025, cunha duración de 6 meses, sendo en todo caso a data límite o 31 de outubro de 2025. No horario que demande o servizo. Establécese un período de proba dun mes.

**4º.- RETRIBUCIÓN.-**

As retribucións serán as correspondentes ó grupo E, complemento de destino 14, e complemento específico de 112,80 euros ao mes.

**5º.- REQUISITOS DAS PERSOAS CANDIDATAS.-**

a) Ser española ou posuír a nacionalidade de calquera dos Estados membros da Unión Europea ou a dalgún dos Estados aos que sexa de aplicación a libre circulación de persoas traballadoras nos termos definidos no Tratado Constitutivo da Unión Europea, en virtude dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, todo isto nos termos do artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

b) Ter cumpridos os 16 anos de idade, e non superar a idade máxima de xubilación.

c) Estar en posesión da titulación de estudos primarios ou certificado de escolaridade. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fielmente a súa homologación.

d) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias da praza.

e) Non estar separada mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionaria do que estivese separada ou inhabilitada. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitada ou en situación equivalente nin ser sometida a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.

f) Non incorrer en causa de incapacidade ou incompatibilidade de acordo coa lexislación vixente.

g) Non ter sido contratada por este concello máis de 12 meses dentro dos últimos 24 meses inmediatamente anteriores, de ser o caso, á data de inicio do contrato. Non se terán en conta os contratos formativos, de relevo e interinidade, nin os contratos temporais celebrados no marco de programas públicos de emprego-formación, así como os contratos temporais que sexan utilizados por empresas de inserción debidamente rexistradas e o obxecto dos ditos contratos sexa considerado como parte esencial dun itinerario de inserción personalizado. Aos efectos do cómputo o número de contratos, período e prazos, tomarase en conta o contrato vixente a 31/12/2021 e posteriores.

h) Estar en situación de desemprego ou de mellora de emprego. De acordo co establecido no último parágrafo da Base 11ª.1 do Plan Deputación de Cooperación cos concellos 2024 da Excm. Deputación Provincial de Lugo: "É imprescindible que as persoas a contratar a través deste programa produzan novas contratacións no concello, polo que a situación ou procedencia dos candidatos debe provir da situación de desemprego ou de mellora de emprego con independencia de que a xornada laboral sexa parcial ou completa, quedando excluídos os custes de persoal referidos a traballadores incluídos no cadro de persoal vixente do concello", o cal se acreditará mediante documento xustificativo emitido polo Servizo Público de Emprego con data igual ou posterior á apertura do prazo de solicitude.

Estes requisitos deberán acreditarse antes da finalización do prazo de presentación de instancias e manterse no momento da sinatura do contrato. A persoa seleccionada e antes da dación de alta deberá presentar certificado médico ou certificado de aptitude expedido por mutua autorizada acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto.

**6º.- SOLICITUDES.-**

Quen desexe participar no proceso de selección, deberá presentar instancia acompañada da documentación que xustifique reunir os requisitos esixidos na base quinta, no rexistro xeral do Concello do Vicedo, ou por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas. No caso que a solicitude se presente nun lugar distinto ao rexistro do Concello de O Vicedo, ademais deberá remitirse dentro de prazo copia da instancia correctamente selada por fax ao número 982590001.

Xunto coa instancia aportarase a documentación que a persoa aspirante desexe que sexa tida en conta no concurso, e conforme ao establecido nos apartados posteriores das presentes bases.

En todo caso xunto coa solicitude achegarase a seguinte documentación:

- DNI, ou no seu caso, documento equivalente expedido pola autoridade competente do país de orixe.
- Titulación esixida.
- Documento xustificativo da inscrición como demandante de emprego emitido polo Servizo Público de Emprego, con data igual ou posterior á apertura do prazo de solicitude.
- Declaración xurada de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias da praza (Anexo III).

- Declaración xurada da persoa aspirante de non ter sido contratada por este concello máis de 12 meses dentro dos últimos 24 meses inmediatamente anteriores, de ser o caso, á data de inicio do contrato. Non se terán en conta os contratos formativos, de relevo e interinidade, nin os contratos temporais celebrados no marco de programas públicos de emprego-formación, así como os contratos temporais que sexan utilizados por empresas de inserción debidamente rexistradas e o obxecto dos ditos contratos sexa considerado como parte esencial dun itinerario de inserción personalizado. Ós efectos do cómputo el número de contratos, período e prazos, tomarase en conta o contrato vixente a 31/12/2021 e posteriores (Anexo III).
- Declaración xurada de non ser separada mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin estar inhabilitada para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme (Anexo III).
- Declaración xurada de non estar incurso en causa algunha de incompatibilidade, de conformidade coa lexislación vixente (Anexo III).
- Méritos que se alegan (Anexo IV). Non se valorarán os méritos que non se acrediten.

Toda a documentación deberá presentarse en orixinal ou copia auténtica.

As persoas solicitantes manifestarán que reúnen todos e cada un dos requisitos enumerados nestas bases referidos á data na que remate o prazo de presentación de instancias.

Se dentro do prazo indicado, agás casos de forza maior, a persoa aspirante proposta non presentara toda a documentación ou da mesma se deducise que carece dalgún dos requisitos esixidos, non poderá ser contratada, quedando anuladas tódalas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidera incurrir por falsidade na solicitude de participación.

#### **7º.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.-**

O prazo de presentación de solicitudes queda aberto desde o día seguinte ao da publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, e por un período de dez días naturais.

#### **8º.- LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.-**

Rexistro xeral do Concello do Vicedo ou por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas. No caso que a solicitude se presente nun lugar distinto ao rexistro do Concello do Vicedo, ademáis deberá remitirse dentro de prazo copia da instancia correctamente selada por fax ao número 982590001.

Por resolución da Alcaldía acordarase a admisión e exclusión das persoas candidatas e publicarase no taboleiro de edictos da Corporación e na sede electrónica don Concello do Vicedo <https://concellodovicedo.sedelectronica.es>, sinalándose un prazo de dous días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación, para subsanar erros. Con indicación igualmente, do día e hora na que terá lugar a proba de selección.

De non existir persoas aspirantes excluídas, elevarase a definitiva esta lista provisional na mesma resolución de aprobación.

A lista definitiva publicarase do mesmo xeito que a provisional no prazo máximo de dous días hábiles contados desde o remate do prazo de alegacións.

#### **9º.- TRIBUNAL DE VALORACIÓN.-**

O Tribunal de valoración designarase e farase público xunto coa lista de persoas admitidas e excluídas provisional.

Poderá dispor a incorporación de asesores especialistas se así o estiman necesario ou axeitado, que actuarán con voz pero sen voto.

O dito tribunal estará facultado para interpretar as presentes bases, así como para resolver todas as dúbidas e problemas que poidan xurdir.

#### **10. – SISTEMA DE SELECCIÓN. –**

a. Fase de oposición: consistirá na realización das seguintes probas:

- Proba práctica: esta fase consistirá na realización dunha proba de desbroce, valorándose ata un máximo de 10 puntos, sendo necesario acadar 5 puntos para superar a proba, e pasar a seguinte proba de coñecementos.

Para a realización da proba poderán traer maquinaria propia si así o desexan, sen prexuízo de que o concello llela facilite.

- Proba de coñecementos: consistirá na contestación oral a dez preguntas formuladas polo Tribunal de Valoración, (agás as relacionadas con coñecementos básicos de cálculo matemático) relacionadas co temario



que figura no Anexo I, outorgándose un punto por cada pregunta contestada correctamente, sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 5 puntos para superar a proba.

b. Fase de concurso: rematada a fase de oposición, procederase a realizar a fase de concurso das persoas aspirantes que superen o exercicio anterior.

- Puntuación de méritos, por experiencia en traballos iguais ou semellantes:

- Experiencia na realización de iguais ou semellantes traballos na administración pública, ata 1 punto; outorgarase a puntuación de 0,10 puntos por mes traballado, acreditado con contratos de traballo e vida laboral.
- Experiencia na realización de iguais ou semellantes traballos na empresa privada, ata 0,50 puntos; outorgarase a puntuación de 0,05 puntos por mes traballado, acreditado con contratos de traballo e vida laboral.

Toda esta documentación deberá presentarse antes do remate do prazo para presentación de instancias. A falla de acreditación dos méritos alegados, determinará que estes non sexan tidos en conta polo Tribunal de Valoración, nin se valorarán aínda que se acrediten fóra do prazo de presentación de instancias, xa que non poderán subsanarse. Tampouco se requirirá as persoas interesadas para que os acrediten.

No caso de empate na puntuación final, acudirase para dirimila á outorgada na proba da fase de oposición. De persistir o empate, o Tribunal reiterará a proba de coñecementos coas persoas aspirantes declaradas aptas de igual puntuación ata eliminar aquelas que excedan do número de postos de traballo convocados (2), quedando o resto en lista de espera, aos efectos de renuncia, baixas ou calquera outra contingencia, sendo requirida a persoa traballadora que figure na lista con maior puntuación e así sucesivamente.

#### **11. - RESOLUCIÓN. -**

A resolución do proceso selectivo farase polo Presidente da Corporación municipal, por proposta do Tribunal cualificador.

#### **12.- NORMA FINAL.-**

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polas persoas interesadas nos casos e na forma establecida na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

#### **ANEXO I**

1.- Organización municipal. O Alcalde: atribucións. O Pleno: atribucións. A Xunta de Goberno Local: atribucións.

2.- Especial coñecemento do Concello do Vicedo e comarca:

- Parroquias.
- Lugares.
- Praias, ríos, illas, montes.
- Rutas e lugares de interese turístico.
- Comarca natural da Mariña Luguesa: concellos e ríos principais

3.- Coñecementos básicos en materia de cálculo matemático: sumas, restas, multiplicacións, división, quebrados, porcentaxes, raíces cadradas, promedios e cálculo de superficies de polígonos.

4.- Coñecementos básicos en materia de xeografía española e da península ibérica: capitais, provincias, comunidades autónomas, montes, ríos e accidentes xeográficos.

5.- Coñecementos básicos en materia de lingua galega e castelá: conxugación de verbos, sinónimos, antónimos e ortografía.

## ANEXO II

**SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO DE SELECCIÓN, PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN, DE DOUS/DÚAS PEÓNS DE MANTEMENTO DE ZONAS NATURAIS, A XORNADA COMPLETA (100%), DENTRO DO PROGRAMA DE REFORZO DO EMPREGO DO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2024, FINANCIADO POLA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, CON ADSCRICIÓN AO SERVIZO DE OBRAS E MANTEMENTO DO CONCELLO DO VICEDO.**

DENOMINACIÓN DA PRAZA OU POSTO DE TRABALLO: PEÓN MANTEMENTO ZONAS NATURAIS
---

CARÁCTER DA CONVOCATORIA: CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL
--

FORMA DE PROVISIÓN: CONCURSO-OPOSICIÓN
---

DATOS DO SOLICITANTE:
-----------------------

Apelidos e nome:
------------------

DNI:
------

Enderezo:
-----------

Enderezo electrónico:
-----------------------

Teléfono:
-----------

Manifesto expresamente, e baixo a miña responsabilidade, que reúno todas e cada unha das condicións esixidas nas bases reguladoras deste proceso, que coñezo e acepto, SOLICITO a admisión para tomar parte na selección.

O Vicedo, ..... de ..... de 2025

(Sinatura)

SR. ALCALDE - PRESIDENTE DO CONCELLO DO VICEDO

**ANEXO III**

D. /Dña ..... , con DNI .....  
e domicilio en .....

En relación coa selección para a contratación laboral temporal, mediante concurso-oposición, de dous/dúas PEÓNS DE MANTEMENTO DE ZONAS NATURAIS, baixo a modalidade de contrato de traballo de duración determinada por circunstancias da produción, a xornada completa (100%), con data prevista de inicio o próximo día 17 de marzo de 2025 ata o 16 de setembro de 2025, cunha duración de 6 meses, sendo en todo caso a data límite o 31 de outubro de 2025, dentro do programa de reforzo do emprego do Plan Deputación de Cooperación cos concellos 2024, financiado pola Excm. Deputación Provincial de Lugo, ao abeiro das bases publicadas no BOP de Lugo de 8 de xaneiro de 2024.

**DECLARO BAIXO XURAMENTO:**

- a) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias da praza.
- b) Non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario/a do que estivese separado/a ou inhabilitado/a. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ser sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.
- c) Non incorrer en causa de incapacidade ou incompatibilidade de acordo coa lexislación vixente.
- d) Non ter sido contratado/a por este concello máis de 12 meses dentro dos últimos 24 meses inmediatamente anteriores, de ser o caso, á data de inicio do contrato. Non se terán en conta os contratos formativos, de relevo e interinidade, nin os contratos temporais celebrados no marco de programas públicos de emprego-formación, así como os contratos temporais que sexan utilizados por empresas de inserción debidamente rexistradas e o obxecto dos ditos contratos sexa considerado como parte esencial dun itinerario de inserción personalizado. Aos efectos do cómputo o número de contratos, período e prazos, tomarase en conta o contrato vixente a 31/12/2021 e posteriores.

O Vicedo, a ..... de ..... do 2025

(Sinatura)

**ANEXO IV**

**PROCESO DE SELECCIÓN, PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN, DE DOUS/DÚAS PEÓNS DE MANTEMENTO DE ZONAS NATURAIS, A XORNADA COMPLETA (100%), DENTRO DO PROGRAMA DE REFORZO DO EMPREGO DO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2024, FINANCIADO POLA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, CON ADSCRICIÓN AO SERVIZO DE OBRAS E MANTEMENTO DO CONCELLO DO VICEDO.**

RELACIÓN DE MÉRITOS QUE SE XUSTIFICAN E FORMA DE ACREDITACIÓN

DON/A .....

DNI nº .....

- 1.-
- 2.-
- 3.-
- 4.-
- 5.-
- 6.-
- 7.-
- 8.-
- 9.-
- 10.-
- (...)

O Vicedo, ..... de ..... de 2025

(Sinatura)

2º.- Convocar publicamente a quen desexe participar nas citadas probas para a selección de DOUS/DÚAS PEÓNS DE MANTEMENTO DE ZONAS NATURAIS, baixo a modalidade de contrato de traballo de duración determinada por circunstancias da produción, a xornada completa (100%), con data prevista de inicio o próximo día 17 de marzo de 2025 ata o 16 de setembro de 2025, cunha duración de 6 meses, sendo en todo caso a data límite o 31 de outubro de 2025, dentro do programa de reforzo do emprego do Plan Deputación de Cooperación cos concellos 2024, financiado pola Excm. Deputación Provincial de Lugo, ao abeiro das bases publicadas no BOP de Lugo de 8 de xaneiro de 2024.

3º.- Ordenar a publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, na páxina web da Excm. Deputación Provincial de Lugo, no taboleiro de edictos da Corporación e na sede electrónica do Concello do Vicedo: <https://concellodovicedo.sedelectronica.es>, e realizar cantos trámites sexan necesarios para o dito fin.

O Vicedo, 5 de febreiro de 2025.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 0339

---

## VILALBA

### Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno deste Concello, na súa *sesión ordinaria celebrada o día 30 de xaneiro do 2025*, o **Orzamento xeral do Concello de Vilalba e o do seu organismo autónomo “Museo de Prehistoria e Arqueloxía de Vilalba” para o exercicio 2025** e a documentación que se acompaña, conforme ao previsto no *artigo 169 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobada polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e o artigo 20 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril*, expónse ao público o expediente e a documentación integrante deste polo prazo de *quinze (15) días* desde a publicación deste anuncio no BOP de Lugo, durante os cales os que teñan a condición de interesados poidan examinalos e presentar reclamacións ou alegacións ante o Pleno. O orzamento considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaran reclamacións.

Vilalba, 3 de febreiro do 2025.- A alcaldesa, Marta María Rouco Seoane.

R. 0317

---

## XOVE

### Anuncio

Ao non haberse presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario provisional acadado en sesión ordinaria de pleno celebrada o 18 de decembro de 2023, sobre aprobación do REGULAMENTO DO SERVIZO PÚBLICO LOCAL XOVE CONCILIA, cuxo texto íntegro se fai público, para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do artigo 49 da LRBRL:

#### REGULAMENTO DO SERVIZO PÚBLICO MUNICIPAL «XOVE CONCILIA»

##### ÍNDICE

##### PREÁMBULO

##### CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1.- Obxecto do regulamento

Artigo 2.- Ámbito de aplicación

Artigo 3.- Definición do servizo Xove Concilia

Artigo 4.- Obxectivos do servizo

##### CAPÍTULO II. DEREITOS E OBRIGAS

Artigo 5.- Obrigas das familias ou representantes legais

Artigo 6.- Dereitos dos/as usuarios/as e familias do servizo

Artigo 7.- Normas de saúde e hixiene persoal

Artigo 8.- Promoción da igualdade entre os/as nenos/as

Artigo 9.- Uso da lingua

**CAPÍTULO III. FUNCIONAMENTO DO SERVIZO**

Artigo 10.- Idades de ingreso e permanencia

Artigo 11.- Períodos de prestación do servizo

Artigo 12.- Lugar de prestación do servizo

Artigo 13.- Horarios mínimos de prestación do servizo

Artigo 14.- Actividades a desenvolver no servizo

**CAPÍTULO IV. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN DE PRAZAS E BAIXAS**

Artigo 15.- Criterios de admisión

Artigo 16.- Documentación

Artigo 17.- Adxudicación provisional de praza

Artigo 18.- Reclamación contra a listaxe provisional

Artigo 19.- Relación definitiva de persoas admitidas e listaxe de agarda

Artigo 20.- Baixas

Disposición derradeira única

**PREÁMBULO**

Pode definirse a igualdade como aquel principio que concede idénticos dereitos a todos os seres humanos con independencia da súa raza, sexo, relixión, condición social, ideoloxía ou circunstancias persoais.

A igualdade de oportunidades entre mulleres e homes é un principio básico e fundamental que recoñece a Constitución Española. Deste xeito, o seu artigo 1.1 establece a igualdade como valor superior do ordenamento xurídico, e o seu artigo 9.2 formula o mandato expreso aos poderes públicos para que a fagan efectiva, prohibindo no seu artigo 14 calquera discriminación por razón de sexo.

Porén, mentres a sociedade continúe aferrándose a valores tradicionais e limitadores da liberdade das persoas, normalmente mulleres, as discriminacións tamén continuarán existindo, resultando especialmente preocupante a violencia contra as mulleres, que se constitúe como unha das principais trabas para lograr a igualdade de xénero real.

O Concello de Xove, mantén un compromiso coa igualdade de oportunidades coa aprobación dos seus sucesivos Plans de Igualdade, así como coa incorporación de medidas de acción positiva co obxectivo de modificar as actuacións discriminatorias e facer presión para a eliminación dos obstáculos que impiden a participación das mulleres en igualdade de condicións que os homes en calquera ámbito da vida. A lóxica destas medidas de acción positiva deriva do recoñecemento de que a desigualdade das mulleres baséase na súa identidade de xénero.

Así mesmo, os distintos Plans Estratéxicos de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, aprobados pola Xunta de Galicia, foron establecendo os seguintes obxectivos:

- Avanzar nunha organización da sociedade sensible e favorable á igualdade entre mulleres e homes, como motor do cambio social e de progreso, na que todas as persoas na súa diversidade poidan desenvolver libremente os seus proxectos de vida.
- Transformar os valores que perpetúan a desigualdade desde a educación, principalmente a través da ruptura dos estereotipos de xénero preponderantes.
- Eliminar as brechas de xénero que persisten nos distintos eidos, en particular as que obstaculizan a plena autonomía das mulleres: as desigualdades no ámbito laboral e as dificultades para a conciliación da esfera profesional e a vida privada, en ausencia de corresponsabilidade.
- Acadar a plena participación social das mulleres e incrementar a súa presenza nas esferas de decisión e influencia.
- Impulsar o talento feminino e visibilizar as contribucións das mulleres nos distintos eidos, con especial consideración do ámbito da ciencia e da investigación.
- Contribuír ao benestar de todas as mulleres e á cohesión social, nomeadamente das mulleres en situación de discriminación múltiple, e incidir de xeito especial na eliminación dos obstáculos que agravan as desigualdades das mulleres rurais e do mar.
- Articular unha resposta institucional efectiva para a erradicación da violencia de xénero en todas as súas formas.

A conciliación e a corresponsabilidade nos usos do tempo é un dos eixes transversais dos ditos plans de intervención establecendo o reto de avanzar nunha organización social favorable á conciliación

corresponsable e a un cambio cultural nos usos do tempo que permita que mulleres e homes compaxinen en igualdade a esfera privada e a profesional.

Deste xeito as Administracións públicas con competencias na materia coa súa actuación deben procurar transformar os valores sociais para acadar a corresponsabilidade e incrementar o coñecemento sobre as vantaxes dunha nova xestión dos tempos, incrementar a súa implicación e a doutros axentes sociais coa conciliación corresponsable e o cambio cultural nos usos do tempo e desde logo fortalecer os recursos de apoio á conciliación.

Pois ben, co fin de participar activamente na consecución dos obxectivos anteditos, o concello de Xove promove a creación do servizo de conciliación «Xove Concilia», sendo que a condición de servizo público local está directamente vinculada a que o servizo promovido teña cabida no ámbito das competencias que lle son propias ao ente local promotor.

O programa de conciliación «Xove Concilia» como servizo público pode enmárcase dentro das competencias municipais en materia de actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres, prevista no artigo 25.2, letra o), da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. A dita competencia propia dos concellos foi introducida polo lexislador estatal en virtude da Disposición derradeira primeira do Real Decreto-lei 9/2018, do 3 de agosto, de medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, en cuxo apartado VI da súa exposición de motivos xustifica a dita modificación legal sinalando que *“Unha das medidas máis urxentes a levar a cabo no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, é a que formula a necesidade de adoptar as modificacións legais oportunas para que a Administración local poda levar a cabo actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres, así como contra a violencia de xénero, xa que se trata da administración máis achegada á cidadanía e, por ende, ás vítimas [...]”*.

O dito precepto da lei reguladora do réxime das entidades locais está vinculado co artigo 14.8 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, que establece, entre os criterios xerais de actuación dos Poderes Públicos, o relativo ao establecemento de medidas que aseguren a conciliación do traballo e da vida persoal e familiar das mulleres e os homes.

Pola súa parte, o artigo 80.2 o) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia, atribúe competencias aos concellos para executar programas propios destinados á infancia, xuventude, muller e terceira idade, no que, sen dúbida, tamén ten cabida o servizo «Xove Concilia».

Dito o cal e como se desprende do propio literal dos artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 80.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia, os ditos preceptos non atribúen material e directamente competencias senón que reservan unha esfera mínima de materias nas que esta clase de administracións públicas deben contar con competencias formais sendo a lexislación estatal ou autonómica sectorial correspondente a que determina o seu verdadeiro contido e alcance.

Sendo isto así, cómpre sinalar que o artigo 139.3.c) da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, establece que a consellería con competencias en materia de igualdade debe fomentar “[...] a colaboración e coordinación coa Administración local para deseñar e implantar programas e medidas de conciliación e promoción da igualdade entre mulleres e homes”. Precepto este último e, por ende, marco de colaboración entre a administración autonómica e local, desenvolto polo Decreto 182/2008, do 31 de xullo, polo que se establece a promoción autonómica das medidas municipais de conciliación e se determinan os requisitos para a súa validación e funcionamento, nos termos establecidos na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, que enmarca e delimita o contido e alcance da competencia dos concellos para crear un programa de conciliación como servizo público local.

Recoñecida pois a presenza dun título competencial na materia e por aplicación do disposto na definición legal do servizo público previsto no artigo 85 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, procede a creación do programa de conciliación «Xove Concilia» como servizo público local, así como, a oportuna regulamentación do dito servizo.

## **CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS.**

### **Artigo 1.- Obxecto do regulamento.**

Mediante a presente regulamento, constitúese o servizo de «Xove Concilia» como unha medida municipal de promoción autonómica e conciliación, constituído a fin de fomentar a corresponsabilidade entre mulleres e homes por medio de facilitar a unhas e outros a conciliación dos seus tempos persoais, familiares e laborais, ao amparo do previsto no artigo 3º do Decreto 182/2008, do 31 de xullo, polo que se establece a promoción autonómica das medidas municipais de conciliación e se determinan os requisitos para a súa validación e funcionamento, nos termos establecidos na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.

Datos identificativos do Servizo

- Nome do servizo: Xove Concilia

- Enderezo: Camiño Real s/n Xove
- Titularidade: Concello de Xove
- Representante legal: persoa titular da Alcaldía
- Tipo de xestión: indirecta mediante formula contractual

#### **Artigo 2.- Ámbito de aplicación.**

Constitúe o ámbito de aplicación da presente regulamento o servizo «Xove Concilia», que se configura como servizo municipal de promoción e conciliación que se materializa na organización e desenvolvemento de actividades lúdicas, deportivas e educativas en horario de mañá nos períodos vacacionais de verán, nadal e semana santa.

#### **Artigo 3.- Definición do servizo Xove Concilia.**

1. O servizo «Xove Concilia» defínese como acción dirixida a promover e permitir a conciliación da vida laboral e familiar fomentando a corresponsabilidade entre mulleres e homes por medio de facilitar a unhas e outros a conciliación dos seus tempos persoais, familiares e laborais, a través da realización cos menores en períodos vacacionais, de actividades de calidade que promovan valores sans e saudables na ocupación do tempo libre.

2. O servizo constitúese a fin de garantir a dita conciliación permitindo a participación de nenos e nenas de ata 10 anos de idade.

#### **Artigo 4.- Obxectivos do servizo.**

1. Respecto aos nenos e nenas:

- Contribuír ao enriquecemento persoal dos nenos e nenas mediante aprendizaxes non formais no desenvolvemento dos grupos desde a educación en valores, poñendo en valor o tempo libre e os campamentos como espazos educativos.
- Fomentar actitudes de solidariedade e hábitos de convivencia, procurando a mellora das habilidades sociais e a adquisición de competencias para a solución pacífica de conflitos.
- Desenvolver a autonomía persoal e fomentar a participación activa das persoas usuarias favorecendo, asemade, a cohesión de grupo e traballo de equipo.
- Educar desde a igualdade en materia de xénero, sexualidade, identidade e orientación sexual.
- Promover situacións multiculturais e de intercambio de experiencias, salientando o valor da diversidade e acadando a inclusión de todas as persoas participantes.
- Cando haxa participantes con discapacidade, fomentar especialmente, a súa participación nas actividades e favorecer a integración no grupo, tratando de desenvolver ao máximo as posibilidades dos grupos como espazo para normalizar, potenciar e poñer en valor as capacidades das persoas con diversidade funcional.
- Fomentar o respecto pola identidade cultural galega e promover o uso do galego.
- Fomentar os hábitos de vida saudable.
- Respetar o medio ambiente e fomentar as boas prácticas ambientais, traballando o ecoloxismo a conservación e o desenvolvemento sostible.
- Garantir un marco de estrita observancia das medidas de seguridade obrigadas tanto na instalación e na convivencia diaria como na práctica das actividades e nos desprazamentos.
- Crear un espazo lúdico que favoreza a interacción entre iguais, o desenvolvemento da capacidade simbólica e a creatividade.
- Conseguir que as nenas e nenos participantes desenvolvan unha maior autonomía e responsabilidade na organización do seu tempo libre.
- Transmitir coñecementos que permitan o desenvolvemento das capacidades físicas, a disposición ao esforzo persoal e ás capacidades sociais, o traballo en equipo, a solidariedade, a amizade, a tolerancia e o xogo limpo.
- Aprender a coñecer, valorar e respectar a contorna natural e cada un dos elementos que a integran.
- Estimular a adquisición de novas habilidades e destrezas despertando a sensibilidade estética e a creatividade.
- Aprender a gozar da actividade física por medio da educación psicomotriz e a actividade físico-deportivas.
- Asentar as bases físicas, motrices e psicosociais para o desenvolvemento futuro da educación integral da persoa.



- Impulsar a aceptación da diferenza e a diversidade como elementos positivos e promover a tolerancia entre persoas.

2. Respecto ás familias:

- Dar un servizo de conciliación da vida familiar, profesional e persoal das familias.
- Garantir un complemento educativo ás familias.

3. Respecto ao concello de Xove:

- Garantir o carácter da educación, a cultura e o deporte como servizo público capaz de compensar as desigualdades existentes no seo da sociedade.
- Incorporar a iniciativa educativa do concello, recollendo a súa experiencia e garantindo a calidade da oferta de actividades de extensión educativa.
- Estender a atención socioeducativa ao alumnado en períodos non lectivos.
- Atender ás nenas e nenos participantes contando con persoal especializado.
- Optimizar o uso das instalacións e equipamentos municipais.

## **CAPÍTULO II. DEREITOS E OBRIGAS.**

### **Artigo 5.- Obrigas das familias ou representantes legais.**

Son obrigas das familias ou representantes legais das crianzas:

- Cumprir as normas que estableza a concello para o seu bo funcionamento do servizo recollidas no presente regulamento.
- Manter e observar unha conduta inspirada no mutuo respecto, tolerancia e colaboración, encamiñada a facilitar unha mellor convivencia.
- Responsabilizarse daquelas situacións en que por motivos de saúde ou malestar sexa conveniente que o menor deba ausentarse do servizo de conformidade co previsto neste regulamento.

### **Artigo 6.- Dereitos dos/as usuarios/as e familias do servizo.**

1. Os/as nenos/as usuarios/as terán os seguintes dereitos:

- Acceso ao servizo e a recibir dito servizo sen discriminación por razón de nacionalidade, sexo, raza, relixión, ideoloxía ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- A consideración no trato, debida á dignidade da persoa, tanto por parte do persoal do servizo como das demais persoas usuarias.
- Ao sigilo profesional sobre os datos do seu historial sanitario e socio familiar.
- Á intimidade persoal.
- A recibiren as actividades propias do servizo dirixidas ao fomento na tolerancia, na igualdade e na convivencia, e a posibilitarlles que poidan facer uso das súas opcións de xeito libre e persoal.

2. Os pais, nais e /ou representantes terán dereito a:

- A deixar de utilizaren os servizos por vontade propia.
- A teren información de xeito comprensible das medidas adoptadas respecto dos/as menores e a pediren explicación de canto afecte ao/á seus neno/a.
- A ter acceso á documentación interna do servizo.

### **Artigo 7.- Normas de saúde e hixiene persoal.**

1. Normas de saúde aplicable ao servizo «Xove Concilia»:

- Os/as nenos/as deberán acudir ao servizo en condicións correctas de saúde e hixiene.
- Non serán admitidos no servizo os/as nenos/as que padezan enfermidades infecto-contaxiosas.
- Igualmente, os/as nenos/as permanecerá na casa cando tivese máis de 38° C de febre, diarrea (máis de 3 deposicións anormais ao día), vómitos ou enfermidade contaxiosa (rubéola, papeiras, sarampelo, etc.). De aparecerlle calquera destes síntomas mentres permanece no servizo será posto en coñecemento dos proxenitores ou representantes legais para estes recolleren a crianza antes posible.
- No caso de observarse síntomas dun proceso infecto-contaxioso nos nenos/as no propio servizo, avisaranse aos seus proxenitores ou representantes legais para que procedan á súa recollida.

- No caso de enfermidade ou accidente, logo das primeiras atencións, porase esta circunstancia en coñecemento dos proxenitores ou representantes legais, se for o caso, que deberán acudir ao centro para facerse cargo do neno ou nena.
  - A falta de asistencia debido a enfermidade ou a outras circunstancias deberá comunicarse polas familias ou representantes legais á OMIX.
  - O persoal do servizo non administrará medicación ás crianzas en ningún caso.
2. Normas de hixiene persoal aplicable ao servizo «Xove Concilia»:
- Os/as nenos/as terán que acudir sen cueiros.
  - Calquera situación anómala que manifeste os/as nenos/as deberá ser comunicada polas familias no menor tempo posible.
  - Os/as nenos/as acudir ao servizo con roupa que lles permita moverse con plena comodidade.

#### **Artigo 8.- Promoción da igualdade entre os/as nenos/as.**

O servizo deberá poñer especial énfase en promover a igualdade como valor fundamental de convivencia entre os/as nenos/as. Será o cerne de todas as actividades que se desenvolvan no servizo e reflectirase non só nas actividades e no material de traballo senón tamén no comportamento habitual de todo o persoal.

#### **Artigo 9.- Uso da lingua.**

O persoal do servizo usará na aula a lingua materna predominante entre os/as nenos/as, terá en conta a lingua do contorno e coidará que as crianzas adquiren o coñecemento da lingua cooficial de Galicia.

### **CAPÍTULO III. FUNCIONAMENTO DO SERVIZO**

#### **Artigo 10.- Idades de ingreso e permanencia**

1. A actuación dentro do servizo «Xove Concilia» está dirixida a menores de idades comprendidas entre os 3 e 10 anos. As actividades organízanse mediante a división das nenas e nenos participantes diarios en grupos por estadios evolutivos.

- Idade mínima: ter feitos os tres anos na data de ingreso ou cumprir dita idade antes de finalizar o ano natural no que se presta o servizo.

- Idade máxima: non ter cumpridos os once anos ao 31 de decembro do ano de ingreso.

2. Constitúense dos grupos para a atención adecuada dos menores ao seu estadio evolutivo cun grupo 1 integrado por nenos/as de 3 a 6 anos, e un grupo dous integrado por nenos/as de 7 a 10 anos.

3. Para cada período de prestación do servizo segundo o previsto no artigo seguinte, cada grupo contará cun máximo de cincuenta (50) nenos/as por grupo de idade, acadando un máximo na prestación do servizo de cen (100) nenos/as. Se por falta de demanda, calquera dos grupos non acadara o número máximo previsto, as prazas vacantes serán ofertas no caso de existir demanda para a súa cobertura con nenos/as do outro grupo no que se divide o servizo.

4. Igualmente, para cada período de prestación do servizo segundo o previsto no artigo seguinte, será preciso contar cun número mínimo de dez (10) nenos/as por grupo de idade, acadando un mínimo para a prestación do servizo de vinte (20) nenos/as. Se por falta de demanda, calquera dos grupos non acadara o número mínimo previsto, non se prestará o servizo no período correspondente.

#### **Artigo 11.- Períodos de prestación do servizo.**

1. O prazo de execución abranguerá os seguintes períodos:

- Tempada de verán: entre a última semana do mes de xuño e a primeira semana do mes de setembro ambos incluídos.

- Tempada de nadal: entre o 23 de decembro ata o 5 de xaneiro ambos incluídos.

- Tempada de semana santa: na semana que corresponda coa celebración da dita Semana Santa.

2. A adxudicación de praza na tempada de Nadal, así como, na tempada de Semana Santa terá lugar polo prazo íntegro da dita tempada:

- Período Nadal: entre o 23 de decembro ata o 3 de xaneiro ambos incluídos.

- Período Semana Santa: na semana que corresponda coa celebración da dita Semana Santa.

3. A tempada de verán estará dividida nos seguintes períodos a fin de garantir un uso adecuado do servizo, debendo formular solicitude de servizo para aquel/es períodos nos que lle sexa necesaria a prestación do servizo por motivos de conciliación sen que exista limitación no prazo máximo para o que poderán solicitar o servizo dentro dos ofertados:

- Período 1: Última semana de xuño dende a finalización do período escolar.
- Período 2: Primeira quincena do mes de xullo.
- Período 3: Segunda quincena do mes de xullo.
- Período 4: Primeira quincena do mes de agosto.
- Período 5: Segunda quincena do mes de agosto.
- Período 6: Primeira semana de setembro.

#### **Artigo 12.- Lugar de prestación do servizo.**

Os servizo obxecto do contrato prestarase con carácter xeral no CEIP Pedro Caselles e na Casa do Director salvo as actividades realizadas fóra das ditas instalacións.

#### **Artigo 13.- Horarios mínimos de prestación do servizo.**

1. Non se prestará o servizo durante os días festivos e fins de semana. Os días concretos de prestación do servizo virán determinados polo calendario que elabore a OMIX do Concello de Xove.
2. O horario do programa será como mínimo o seguinte: de 08:45 a 14:00 de luns a venres.
3. Na entrada e na saída dos/as nenos/as deberanse respectar os horarios co obxectivo de manter a continuidade do servizo.
4. Só poderán recoller aos/as nenos/as as persoas autorizadas polo pais, nais ou representantes legais. O persoal do servizo está obrigado a solicitar o DNI ou documento identificativo equivalente á persoa que veña recollela non caso de non coñecela e comprobar se está na listaxe de persoas autorizadas.

#### **Artigo 14.- Actividades a desenvolver no servizo.**

1. As actividades principais a desenvolver no servizo estará compostas cando menos, polas seguintes actividades:

- ACTIVIDADES TEMÁTICAS SEMANAIS NON COINCIDENTES, nas que se traballen de forma transversal a temática de igualdade de xénero.
- ACTIVIDADES EMPREGANDO MANUALIDADES: costura, creación de monicreques ou marionetas, creación de instrumentos musicais, plastilina, etc.
- ACTIVIDADES DIDÁCTICAS: quebracabezas, mandalas, bloques de construción, sopas de letras, xogos de memoria, tangram, experimentos, momentos de lectura, etc.
- ACTIVIDADES DEPORTIVAS: xogos pre-deportivos, xogos de psicomotricidade, xogos para favorecer a integración do grupo, etc.
- ACTIVIDADES LÚDICAS SEMANAIS: excursións dentro do Concello de Xove, xogos no parque municipal, visitas á biblioteca, mercado municipal, xogos de mesa, etc.
- ACTIVIDADES CREATIVAS: pintura, teatro, música, etc.
- XOGOS ALTERNATIVOS E OUTRAS ACTIVIDADES.
- E outras actividades xenéricas como: actividades artísticas; actividades formativas; xogos populares e tradicionais; deportes e prácticas predeportivas; actividades musicais; danza e expresión corporal; psicomotricidade; actividades escénicas, teatrais e vocais; actividades circenses; actividades audiovisuais e comunicativas; actividades transversais -educación para a convivencia, a paz, coeducación, consumo responsable, igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, etc.; e actividades culturais.

2. Xunto ás actividades principais descritas no apartado anterior, realizaranse a excursión á praia e a práctica de xogos e deportes en contornas naturais, co fin de promover a interacción dos/as nenos/as coa contorna do concello.

#### **CAPÍTULO IV. PROCEDIMIENTO DE ADXUDICACIÓN DE PRAZAS E BAIXAS.**

##### **Artigo 15.- Criterios de admisión.**

1. A adxudicación de prazas terá lugar para cada período dos que compoñen o servizo aplicando os seguintes criterios de prioridade:

- En primeiro lugar obterán praza, aqueles nenos e nenas que acrediten que polo menos un dos proxenitores ou ascendente ata segundo grado de consanguinidade estea empadroado no Concello de Xove, así como, fillos/as do persoal do Concello de Xove.
- De existiren prazas vacantes poderán acceder ao servizo as fillas e os fillos de persoas que, estando empadroadas noutro concello, teñan os seus postos de traballo nunha empresa con sede social ou órgano da

administración que radique no concello de Xove. Esta situación deberá acreditarse cun certificado da empresa ou da institución correspondente.

- En terceiro lugar, e sempre que haxa prazas vacantes poderán acceder tamén persoas dos concellos limítrofes ou próximos. Para isto será necesario achegar o certificado de empadramento do/a neno/a e de polo menos dun dos proxenitores ou representante legal.

2. A solicitude de novo ingreso farase segundo o modelo que se facilitará na OMIX do Concello de Xove, nas propias dependencias da OMIX deste concello. Dende as dependencias municipais, prestarase a colaboración precisa ás persoas usuarias para cubriren a solicitude a fin de que os datos estean debidamente cubertos. A sinatura da solicitude suporá a aceptación e coñecemento do presente regulamento.

3. Para cada período vacacional -verán, nadal e semana santa- incoarase o oportuno proceso de adxudicación, cunha antelación mínima de 20 días naturais ao comezo das actividades segundo o establecido na oportuna resolución de Alcaldía.

#### **Artigo 16.- Documentación.**

1. A solicitude de novo ingreso presentarse no prazo concedido na resolución de convocatoria, acompañada da seguinte documentación:

- Solicitude de praza no modelo normalizado entregado pola OMIX do Concello de Xove.

- Todos os proxenitores ou representantes das crianzas facilitarán información dos datos persoais do menor, os datos das persoas responsables do/a menor, teléfonos de contacto, correo electrónico, posibles alerxias e outras enfermidades infecto-contaxiosas, así como calquera outra que necesite dun tratamento específico.

- Fotocopia do Libro de Familia completo ou, no seu defecto, outro documento que acredite oficialmente a situación familiar.

- Fotocopia do DNI ou outro documento acreditativo da identidade das/os nais/pais ou representantes legais segundo proceda.

- Cartilla de vacinación

2. Cando a solicitude non reúna os requisitos establecidos no apartado anterior, poderase requirir á persoa interesada para que emende os erros ou a falta de documentos preceptivos nun prazo de dez días hábiles, con indicación de que, de o non facer, a súa petición terase por desistida.

3. A efecto de aplicar os criterios de admisión previstos neste regulamento, xunto á documentación previsto no apartado primeiro deste artigo, a solicitude de novo ingreso presentarse acompañada da seguinte documentación:

- Certificado de empadramento dun dos proxenitores ou ascendente ata segundo grao de consanguinidade que será expedido polo Concello de Xove.

- Certificado no que se acredite a condición do proxenitor como traballador/a do Concello de Xove.

- Nos casos de non estar censado no Concello de Xove, pero algún dos proxenitores ou representante legal da crianza teñan os seus postos de traballo no municipio de Xove, achegarase o certificado da empresa ou da institución correspondente.

- No caso de estar censado nun concello limítrofe (Cervo, Viveiro ou O Valadouro) a aquel onde radique o servizo, certificado de empadramento do concello do que procede

4. A falta de presentación dalgún dos documentos descritos no apartado terceiro deste artigo, dentro do prazo de solicitude establecido suporá a renuncia a ser valorado no apartado correspondente dos criterios de adxudicación aplicables, non sendo documentación susceptible de emenda.

5. A solicitude de adxudicación de praza terá lugar ben na OMIX ou ben no rexistro electrónico aloxado na sede electrónica do Concello de Xove (<https://xove.sedelectronica.gal/info.0>).

#### **Artigo 17.- Adxudicación provisional de praza.**

1. As vacantes serán adxudicadas provisionalmente ás persoas solicitantes de novo ingreso segundo os criterios de prioridade anteriormente recollidos, establecendo dentro de cada suposto a prioridade das solicitudes por estrito orde de rexistro.

2. Aprobada a oportuna resolución de alcaldía de adxudicación de praza, procederase a dar publicidade a través do taboleiro de anuncios electrónico sito na sede electrónica do Concello de Xove.

3. Para o suposto de que existisen prazas vacantes no servizo unha vez completo o proceso de admisión, caberá a posibilidade de aceptar solicitudes de novo ingreso que non obtivesen praza e previstas na lista de reserva, sendo posible en último termo, adxudicar praza a solicitudes extemporáneas no caso de manterse a/s vacante/s unha vez esgotada a lista de reserva.

4. As adxudicacións de prazas vacantes terá lugar mediante a oportuna resolución de alcaldía de adxudicación que se notificará individualmente ao/s proxenitor ou representante do menor.

#### **Artigo 18.- Reclamación contra a listaxe provisional.**

As persoas solicitantes que resultaren excluídas disporán dun prazo de dous días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución, para efectuar as reclamacións oportunas que se presentarán no Rexistro Xeral do Concello de Xove e irán dirixidas á persoa titular da Alcaldía do mesmo.

#### **Artigo 19.- Relación definitiva de persoas admitidas e listaxe de agarda.**

1. Unha vez resoltas todas as reclamacións presentadas no Concello de Xove, elevarase a definitiva a listaxe de crianzas admitidas e a listaxe de agarda.

2. A resolución será publicada a través do taboleiro de anuncios electrónico sito na sede electrónica do concello de Xove.

3. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor o recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante ao Concello de Xove ou directamente o recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación perante os xulgados do contencioso-administrativo competentes, todo isto sen prexuízo de que se interpoña calquera outro recurso que estime pertinente en defensa dos seus intereses e intereses lexítimos.

#### **Artigo 20.- Baixas.**

Causarase baixa no servizo por algunha das causas seguintes:

a) Incumprimento da idade máxima de permanencia no servizo.

b) Por solicitude dos pais/nais ou representantes legais.

c) Por comprobación da falsidade dos datos ou documentos achegados.

d) Por falta de asistencia continuada durante tres (3) días continuados ou máis de catro (4) días alternos nos períodos quincenais, así como, falta de asistencia dun (1) día ou máis de dous (2) días alternos nos períodos semanais, sen causa xustificada.

e) Por incumprimento reiterado das normas de saúde e hixiene persoal previstas no artigo 7 deste regulamento.

#### **Disposición derradeira única.**

O presente Regulamento entrará en vigor logo de transcorrer o prazo de quince días previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, para impugnación do acordo pola Administración da Comunidade Autónoma e do Estado, comenzando a aplicarse no momento do transcurso de dito prazo, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

Contra o presente regulamente, poderá interporase recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Xove, 3 de febreiro de 2025.- O Alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 0318

### *Anuncio*

Ao non haberse presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario provisional acadado en sesión ordinaria de pleno celebrada o 9 de decembro de 2024, sobre modificación da ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS DO CONCELLO DE XOVE, cuxo texto íntegro se fai público, para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

#### **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, e polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 e seguintes e no Título II do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establécese o Imposto sobre Construccións, Instalacións e Obras, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal.

**Artigo 1º. Natureza e feito imponible.**

1.- O Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras é un tributo indirecto que ten por feito imponible a realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, se obtívese ou non dita licenza, ou para a que se esixa presentación de declaración responsable ou comunicación previa, sempre que a expedición da licenza ou a actividade de control corresponda ao Concello de Xove.

2.- As construcións, instalacións ou obras a que se refire a liña anterior poderán consistir en:

A) Obras de construción de edificacións e instalacións, de todas clases, de nova planta.

B) Obras de demolición.

C) Obras en edificios, tanto aquelas que modifiquen a súa disposición interior coma o seu aspecto exterior.

D) Aliñacións e rasantes.

E) Obras de fontaneiría e rede de sumidoiros.

F) Obras de cemiterios.

G) Calquera outras construcións, instalacións ou obras que requiran licencia de obra ou urbanística.

**Artigo 2º. Suxeitos pasivos**

1.- Son suxeitos pasivos deste imposto, a título de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que sexan donos da construción, instalación ou obra, sexan ou non propietarios do inmovible sobre o que se realice aquela.

Aos efectos previstos no parágrafo anterior terá a consideración de dono da construcións, instalación e obra quen soporte os gastos ou o coste que comporta a súa realización.

2.- No suposto de que a construción, instalación ou obra non sexa realizada polo suxeito pasivo contribuínte terán a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte que solicite as correspondentes licenzas ou presenten as correspondentes declaracións responsables ou comunicacións previas ou quen realice as construcións, instalacións ou obras.

O substituto poderá esixir do contribuínte o importe da cuota tributaria satisfeita.

**Artigo 3º. Exencións.**

1.- Está exenta deste imposto a realización de calquera construción, instalación ou obra da que sexan donos o Estado, as Comunidades Autónomas ou as Entidades Locais, que estando suxeitas ao mesmo, sexan destinadas directamente a carreteras, ferrocarrís, portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamento de poboacións e das súas augas residuais, aínda que a súa xestión se leve a cabo por organismos autónomos, tanto se se trata de obras de investimento novo coma de conservación.

2.- Asímesmo, e de acordo co establecido na Orde Ministerial de 5 de xuño de 2001, disfrutará de exención total no ICIO a Santa Sede, a conferencia episcopal, as diócesis, as parroquias e outras circunscricións territoriais, as ordes e congregacións relixiosas e os institutos de vida consagrada e as súas provincias e casas.

**Artigo 4.- Base tributaria**

1.- A base imponible deste imposto está constituída polo coste real e efectivo da construción, instalación ou obra e se entende por tal, a estes efectos, o coste de execución material de aquela.

2.- Non forman parte da base imponible o Imposto Sobre o Valor Engadido e demais impostos análogos propios de rexímenes especiais, as taxas, os prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público relacionadas, no seu caso, coa construción, instalación ou obra, nin tampouco os honorarios de profesionais, o beneficio empresarial do contratista nin calquera outro concepto que non integre, estrictamente, o coste de execución material.

3. Para o cálculo da base imponible a determinar no caso de construcións, instalacións ou obras, suxeitas tanto a licenza como a comunicación previa, para as cales non sexa obrigatoria ou precisa a redacción dun proxecto ou memoria, redactados e subscritos por técnico competente, e de acordo co previsto na normativa urbanística en vigor na comunidade autónoma de Galicia, determinarase tomando como referencia o Anexo I desta ordenanza.

Ditos prezos terán a consideración de mínimos, o que non impide, de ser o caso, que o promotor xustifique a inclusión de prezos superiores por razóns de calidades, técnicas de colocación ou instalación, etc.

4. A valoración de prezos non incluídos no Anexo I deberán ser xustificadas mediante a valoración de técnico competente.

Os novos prezos que poidan surxir deberán incorporarse ao Anexo I cando proceda a actualizarse os prezos.

**Artigo 5.- Cuota tributaria.**

- 1.- A cuota tributaria será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravame.
- 2.- O Tipo de gravame será o 3% en tódolos casos.

**Artigo 6.- Bonificacións**

1.- Gozarán dunha bonificación do 90% na cuota do imposto, as construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concurrir as seguintes circunstancias:

- Obras en que a instalación ou construción obedezca ó inicio no exercicio de actividades calificadas como ILE (Iniciativa Local de Emprego).

De igual xeito poderase conceder unha bonificación do 90% da cuota do imposto para o caso de construcións, instalacións ou obras que correspondan á ampliación das citadas actividades efectuadas durante os tres anos seguintes á data de obtención da licenza definitiva de actividade.

A declaración de obra de especial interese ou utilidade municipal corresponderá ao Pleno da Corporación e acordarase previa solicitude do suxeito pasivo polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

A bonificación será de aplicación, de ser procedente, tanto á liquidación provisional como definitiva do imposto.

Non procederá a aplicación de ningunha bonificación se o suxeito pasivo iniciara as obras, instalacións ou construcións con anterioridade á obtención da correspondente licenza municipal, se se incoara con motivo de ditas obras expediente de infracción urbanística ou se ditas obras se realizaran con motivo de un expediente de inspección ou infracción urbanística.

As solicitudes deberán presentarse no prazo de 1 ano desde a data de concesión da licenza definitiva de actividade e deberase adxuntar a seguinte documentación:

- Solicitude formulada segundo o modelo facilitado polo Concello.
- Copia compulsada do DNI ou CIF
- Copia da escritura de constitución e dos estatutos da empresa, se é o caso
- Certificación ou documentación acreditativa de alta no IAE con expresión do epígrafe. Caso de estar exento de pago de tal imposto presentarase certificación acreditativa de tal extremo.
- Memoria explicativa do proxecto empresarial segundo modelo facilitado polo Concello

A presentación da solicitude de bonificación comportará a autorización ao Concello para solicitar as certificacións acreditativas da non existencia de débedas coa Administración Tributaria, Consellería de Economía, Tesourería Xeral da Seguridade Social e co propio Concello de Xove.

2.- Gozarán dunha bonificación potestativa durante os tres primeiros exercicios orzamentarios de ata o 95 % na cuota do ICIO para as construcións, instalacións e obras a executar no Parque Empresarial de Camba – Xove ( tanto nas actuais parcelas como nas futuras unha vez efectuada a ampliación do Parque Empresarial co correspondente desenvolvemento urbanístico reflectido no Plan Xeral de Ordenación Municipal ) que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, regulada no artigo 103.2 a) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros supostos que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando dita ampliación implique creación de emprego.

Establecense os seguintes tramos:

- a) Un 95% da cuota do ICIO pola creación de máis de 20 postos de traballo.
- b) Un 75 % da cuota do ICIO pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.
- c) Un 50% da cuota do ICIO pola creación de ata 10 postos de traballo

**Artigo 7.- Devengo.**

O imposto devéngase no momento de iniciarse a construción, instalación ou obra, aínda cando non se obtivera a correspondente licenza.

**Artigo 8.- Xestión.**

Cando se conceda licenza preceptiva ou se presente a declaración responsable ou a comunicación previa ou cando, non téndose solicitado, concedido ou denegado aínda aquela ou presentado estas, se inicie a construción, instalación ou obra, practicarase unha liquidación provisional a conta, determinándose a base imponible en función do orzamento presentado polos interesados sempre que o mesmo fose visado polo colexio oficial correspondente cando esto constituía un requisito preceptivo; noutro caso a base imponible

será determinada polos técnicos municipais, de acordo co coste estimado do proxecto ou en base aos módulos ou índices establecidos polo colexio oficial correspondente.

Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu coste real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa modificará no seu caso, a base impoñible a que se refire o apartado anterior practicando a correspondente liquidación definitiva e esixindo do suxeito pasivo ou reintegrando, no seu caso, a cantidade que corresponda.

#### Artigo 9.- Infraccións e sancións tributarias.

No relativo á calificación de infraccións tributarias e sancións estarase ao disposto na Lei Xeral Tributaria e demais normativa aplicable.

#### Artigo 10.- Lexislación supletoria.

No non expresamente previsto na presente Ordenanza, rexerán os preceptos contidos na Subsección 5ª da Sección 3ª do Capítulo II, do Título II do referido RDL 2/2004, de 5 de marzo, nas demais Leis do Estado Regulatoras da materia, así como nas disposicións dictadas para o seu desenvolvemento.

#### DISPOSICIÓN ADICIONAL

As modificacións producidas pola Lei de Presupostos Xerais do Estado ou outra norma de rango legal que afecten a calquera elemento deste imposto, serán de aplicación automática dentro do ámbito desta Ordenanza.

#### DISPOSICIÓN FINAL.

A presente Ordenanza fiscal entrará en vigor e comenará a aplicarse o mesmo día da publicación íntegra do seu texto no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

#### ANEXO I CRITERIOS DE VALORACIÓN

Un traballo considérase incluído no punto A ou no punto B de acordo cos seguintes criterios:

1. Se se trata de obras de reforma nas cales exista un gran número de unidades de obra aplicarase o método A (módulos), de acordo cos usos (vivenda, oficinas, locais comerciais ou de hostalería) sobre o que se pretende obras.
2. Se se trata de obras de escasa entidade nas cales se pode desagregar as unidades de obra a executar aplicarase o método B.
3. Preferentemente aplicarase o método B

#### A. SOBRE A SUPERFICIE IMPUTABLE (MÓDULOS).

Uso residencial	Rehabilitación ou reforma de vivenda	503,09 €/m <sup>2</sup>
	Rehabilitación de fachadas	268,16 €/m <sup>2</sup>
	Almacéns e trasteiros en vivenda	240,96 €/m <sup>2</sup>
	Garaxes	376,18 €/m <sup>2</sup>
	Urbanización interior da parcela	108,02 €/m <sup>2</sup>
Uso administrativo		552,19 €/m <sup>2</sup>
Uso comercial		864,91 €/m <sup>2</sup>
Uso pública concorrencia		865,67 €/m <sup>2</sup>
Uso industrial		362,58 €/m <sup>2</sup>
Uso agrícola		198,67 €/m <sup>2</sup>

Os módulos aplicarase a totalidade da superficie obxecto de reforma, por exemplo:

Reforma de baño en vivenda unifamiliar (cambio de pavimentos, alicatados, teitos, instalacións e aparamenta), onde o baño ocupa 6 m<sup>2</sup> sobre a totalidade da superficie da vivenda:

$$6 \text{ m}^2 \times 503,09 \text{ €/m}^2 = 3.018,54 \text{ €}$$



## B. SOBRE UNIDADE DE OBRA (PREZOS UNITARIOS)

1. ACTUACIÓNS PREVIAS SOBRE AS PARCELAS E EDIFICACIÓNS		
Eliminación de vexetación	Tala de árbore	92,52 €/ud
	Destoconado de árbores	0,56 €/m <sup>2</sup>
	Desbroce manual de arbustos e herbas con desbrozadora	1,44 €/m <sup>2</sup>
	Desbroce mecánico de matogueira	0,82 €/m <sup>2</sup>
	Limpeza de arbustos e herbas de paredes e pavimentos	2,09 €/m <sup>2</sup>
	Recollida e eliminación de residuos de roza	0,08 €/m <sup>2</sup>
Traballos de limpeza	Limpeza de canlóns	5,09 €/m
	Limpeza de fachada con lanza de auga	13,35 €/m <sup>2</sup>
	Limpeza de grafitis	25,26 €/m <sup>2</sup>

2. DEMOLICIÓNS		
Cimentacións	Soleira de formigón	29,88 €/m <sup>2</sup>
Apertura de ocós	En fachada	14,48 €/m <sup>2</sup>
	En partición interior	6,62 €/m <sup>2</sup>
Barandilla ou balaustrada.		8,75 €/m
Tabique interior	De ladrillo	4,07 €/m <sup>2</sup>
	De placas de xeso	5,09 €/m <sup>2</sup>
Carpintería	En fachada	3,05 €/m <sup>2</sup>
	En cuberta	5,59 €/m <sup>2</sup>
	En partición interior	4,41 €/m <sup>2</sup>
Calefacción	Radiador	30,31 €/ud
	Caldeira, termo, quentador ou acumulador	112,09 €/ud
	De cheminea	7,92 €/m
	Instalación de calefacción en vivenda	1,97 €/m <sup>2</sup>
Electricidade	Instalación interior de electricidade en vivenda	2,08 €/m <sup>2</sup>
Fontanería	Instalación interior de fontanería en vivenda	2,75 €/m <sup>2</sup>
Gas	Instalación interior de gas en vivenda	0,60 €/m <sup>2</sup>
Saneamento	Colector enterrado	2,02 €/m
	Canaleta	7,62 €/m
	Arqueta, sumidoiro, imbornal	24,42 €/ud
	Baixante	4,17 €/m
	Canlón	4,17 €/m
	Rede de sumidoiros interior en cuarto húmido	83,03 €/ud
Cubertas	Plana non transitable autoprotexida con lámina	17,24 €/m <sup>2</sup>
	Plana transitable	28,08 €/m <sup>2</sup>
	Inclinada, de lousa	9,30 €/m <sup>2</sup>

	Inclinada, metálica	7,65 €/m <sup>2</sup>
	Inclinada, de fibrocemento (sen amianto)	7,28 €/m <sup>2</sup>
	Inclinada, de fibrocemento (con amianto)	28,61 €/m <sup>2</sup>
Revestimentos	Pavimento cerámico, de pedra ou terrazo	8,62 €/m <sup>2</sup>
	Pavimento de madeira	8,08 €/m <sup>2</sup>
	Falso teito de xeso ou escaiola	7,10 €/m <sup>2</sup>
	Revestimento continuo exterior	12,21 €/m <sup>2</sup>
	Revestimento continuo interior	7,76 €/m <sup>2</sup>
	Alicatados	9,32 €/m <sup>2</sup>
Equipamento	Lavabo, inodoro, bidé, urinario ou vertedoiro	16,72 €/ud
	Pato de ducha	24,02 €/ud
	Bañeira	33,43 €/ud
Urbanización	Muro de fábrica	8,72 €/m <sup>2</sup>
	Valado metálico	5,63 €/m
	Pavimento exterior	18,85 €/m <sup>2</sup>

<b>3. ACONDICIONAMENTO DO TERREO</b>		
Movementos de terra	Escavación de gavia para instalacións	8,19 €/m <sup>3</sup>
	Recheos de gavias e trasdós, bases de pavimento...	9,01 €/m <sup>3</sup>
Rede de sumidoiros	Arqueta, sumidoiro.	77,23 €/ud
	Acometida de saneamento	212,23 €/ud
	Colector enterrado	32,08 €/m
	Canaleta	38,73 €/m
Nivelación	Soleira de formigón	17,74 €/m <sup>2</sup>
	Encachado	10,98 €/m <sup>2</sup>

<b>4. FACHADAS E PARTICIÓN</b>		
Fachadas	Reparación de greta	13,72 €/m <sup>2</sup>
	Reparación de gretas e fisuras	30,42 €/m <sup>2</sup>
	Rexuntado de muros de mampostería	17,75 €/m <sup>2</sup>
	Rehabilitación enerxética mediante colocación de SATE	68,73 €/m <sup>2</sup>
	Barandillas ou balaustrada	65,80 €/m
	Ventá en aluminio	297,42 €/m <sup>2</sup>
	Ventá en PVC	318,63 €/m <sup>2</sup>
	Porta balcaneira en aluminio	156,67 €/m <sup>2</sup>
	Porta balcaneira en PVC	251,02 €/m <sup>2</sup>

	Porta exterior	438,86 €/ud
	Porta de garaxe	1449,90 €/ud
Particións interiores	Tabique de ladrillo	27,97 €/m <sup>2</sup>
	Tabique autoportante de paneis de xeso	28,52 €/m <sup>2</sup>
	Porta de paso	207,87 €/ud
	Mamparas	202,35 €/m <sup>2</sup>
	Porta cortalumes	386,88 €/ud
	Fronte de armario	84,79 €/m <sup>2</sup>

5. INSTALACIÓNS		
Calefacción	Radiador	130,99 €/ud
	Caldeira, termo, quentador ou acumulador	273,81 €/ud
	Cheminea	245,15 €/m
	Estufa de leña ou pellets	1544,20 €/ud
	Instalación de calefacción en vivenda	4,48 €/m <sup>2</sup>
Electricidade	Instalación interior de electricidade en vivenda	5,97 €/m <sup>2</sup>
Fontanería	Instalación interior de fontanería en vivenda	4,11 €/m <sup>2</sup>
	Quentador ou termo	438,45 €/ud
	Acometida de abastecemento	286,17 €/ud
Gas	Instalación interior de gas en vivenda	1,15 €/m <sup>2</sup>
Saneamento	Baixante exterior	29,92 €/m
	Baixante interior	14,16 €/m
	Canlón	39,38 €/m
	Rede de sumidoiros interior en vivenda	1,97 €/m <sup>2</sup>
	Foxa séptica	918,03 €/ud

6. CUBERTAS		
Cubertas	Plana non transitable autoprotexida con lámina	57,53 €/m <sup>2</sup>
	Plana transitable con pavimento de gres	97,85 €/m <sup>2</sup>
	Inclinada, de lousa	32,87 €/m <sup>2</sup>
	Reparación de goteiras	12,88 €/ud
	Inclinada, metálica	20,67 €/m <sup>2</sup>
	Inclinada, metálica (panel sandwich)	59,06 €/m <sup>2</sup>
	Inclinada, de fibrocemento	21,27 €/m <sup>2</sup>
	Ventá de cuberta	788,03 €/ud

7. REVESTIMENTOS		
Pavimentos	Cerámico ou terrazo	48,16 €/m <sup>2</sup>
	De pedra	45,44 €/m <sup>2</sup>
	De madeira	74,91 €/m <sup>2</sup>
Falso teito de xeso ou escaiola		13,79 €/m <sup>2</sup>
Enfoscados e enlucidos	Revestimento continuo exterior	16,84 €/m <sup>2</sup>
	Revestimento continuo interior	11,76 €/m <sup>2</sup>
Paramentos	Alicatados	35,12 €/m <sup>2</sup>
	De pedra natural	78,63 €/m <sup>2</sup>
Pinturas	Exterior	8,46 €/m <sup>2</sup>
	Interior	6,43 €/m <sup>2</sup>

8. EQUIPAMENTO	
Lavabo, inodoro, bidé, urinario ou vertedoiro	237,03 €/ud
Plato de ducha	162,30 €/ud
Bañeira	204,61 €/ud

9. URBANIZACIÓN		
Valados	Muro de fábrica	29,62 €/m <sup>2</sup>
	Muro de formigón	83,20 €/m <sup>2</sup>
	Muro de mampostería de pedra	121,15 €/m <sup>2</sup>
	Valado metálico (tipo malla Hércules)	82,46 €/m <sup>2</sup>
	Valado metálico con malla de simple torsión	11,83 €/m <sup>2</sup>
	Valado de estacas de madeira tratada con malla ou arame	13,58 €/m
	Porta acceso peonil panelada	811,07 €/ud
	Porta acceso peonil de malla	222,33 €/ud
	Porta acceso vehículos	1990,76 €/ud
Pavimentos	Base de formigón, de 15 cm de espesor	32,65 €/m <sup>2</sup>
	De pedra natural	94,26 €/m <sup>2</sup>
	Pavimento asfáltico 5 cm de espesor (sen base)	11,15 €/m <sup>2</sup>
	Pavimento de adoquín prefabricado (sen base)	24,96 €/m <sup>2</sup>
	Pavimento de baldosa de formigón, colocada con morteiro (sen base)	24,80 €/m <sup>2</sup>
	Pavimento pétreo (sen base)	93,19 €/m <sup>2</sup>

Os descompostos aplicaranse a totalidade da superficie obxecto de reforma, por exemplo:

Reforma de baño en vivenda unifamiliar (cambio de pavimentos, alicatados, teitos, instalacións e lavabo, inodoro e ducha), onde o baño ocupa 6 m<sup>2</sup> (2,0 m x 3,0 m) sobre a totalidade da superficie da vivenda, cunha altura de 2,50 m:

DEMOLICIÓNS: 484,31 €

Pavimento: 6 m<sup>2</sup> x 8,62 €/m<sup>2</sup> = 51,72 €

Teito: 6 m<sup>2</sup> x 7,10 €/m<sup>2</sup> = 42,60 €

Alicatados: (10 m x 2,5 m ) x 9,32 €/m<sup>2</sup> = 233,00 €

Fontanería: 6 m<sup>2</sup> x 2,75 €/m<sup>2</sup> = 16,50 €

Saneamento: 1 ud x 83,03 €/ud = 83,03 €

Equipamento: 16,72 €/ud + 16,72 €/ud + 24,02 €/ud = 57,46 €

OBRA NOVA: 1961,12 €

Pavimento: 6 m<sup>2</sup> x 48,16 €/m<sup>2</sup> = 288,96 €

Teito: 6 m<sup>2</sup> x 13,79 €/m<sup>2</sup> = 82,74 €

Alicatados: (10 m x 2,5 m ) x 35,12 €/m<sup>2</sup> = 878,00 €

Pintura: 6 m<sup>2</sup> x 6,43 €/m<sup>2</sup> = 38,58 €

Fontanería: 6 m<sup>2</sup> x 4,11 €/m<sup>2</sup> = 24,66 €

Saneamento: 6 m<sup>2</sup> x 1,97 €/m<sup>2</sup> = 11,82 €

Equipamento: 237,03 €/ud + 237,03 €/ud +162,30 €/ud = 636,36 €

Contra o presente Acordo, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderase interpor recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Xove, 3 de febreiro de 2025.- O Alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 0319